

AXUDA DE 200 EUROS PARA PERSOAS FÍSICAS DE BAIXO NIVEL DE INGRESOS E PATRIMONIO

AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA

Persoas destinatarias

1. As persoas físicas que na data de entrada de vigor do Real Decreto-Lei realicen unha actividade por conta propia ou allea pola cal estean dados de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade.

2. Persoas desempregadas rexistrados na oficina de emprego, sexan beneficiarias ou non da prestación ou subsidio por desemprego.

As persoas solicitantes, deberon de percibir no 2022, ingresos inferiores a 27.000 euros anuais, e ter un patrimonio inferior a 75.000 euros anuais a 31 de decembro de 2022.

Ademais, as persoas beneficiarias deben ter a residencia habitual en España, nos termos previstos no artigo 9 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do IRPF, no exercicio 2022.

Persoas excluídas

Persoas que xa cobren o Ingreso Mínimo Vital ou reciban pensións públicas.

Igualmente quedarán excluídas as persoas que, durante 2022, fosen administradoras de dereito dunha sociedade mercantil que non cesase na súa actividade a 31 de decembro de 2022, ou que fosen titulares de valores representativos da participación en fondos propios dunha sociedade mercantil non negociados en mercados organizados.

Solicitudes e prazo

A solicitude presentarse na Axencia Estatal de Administración Tributaria enchendo o formulario electrónico que figura na sede electrónica, indicando o número de conta para o pago da axuda:

[Agencia Tributaria: NUEVA ayuda de 200 euros para personas físicas de bajo nivel de ingresos y patrimonio.](#)

O prazo de solicitude comeza o 15 de febreiro e estará aberto ata o 31 de marzo de 2023

Máis información

Servizos sociais comunitarios do Concello de Touro

Teléfonos: 981504000/29, extensión 1

[Real Decreto-lei 20/2022, do 27 de decembro, de medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da Guerra de Ucraína e de apoio á reconstrución da illa da Palma e a outras situacións de vulnerabilidade.](#) (BOE nº 311 de 28/12/2022)

Artigo 74. Nova Liña directa de axuda a persoas físicas de baixo nivel de ingresos e patrimonio